

DO TEATRO-CIRCO Ó GRAN TEATRO: HISTORIA CINEMATOGRÁFICA (I)

Por Fernando Arribas Arias

INTRODUCCIÓN

Pretendemos con este artigo dar unhas pequenas notas sobre o **Gran Teatro** de Lugo, polivalente edificio merecedor dun comentario máis amplo e detallado. Pero, falar do **Gran Teatro** implica, necesariamente, facelo do **Teatro-Circo**; pois se ben o primeiro non se inauguraba ata o 17-V-1940, a súa historia -millor a súa prehistoria- remóntase ó **Teatro Circo**, do que conserva algúns elementos ademais de mante-la súa privilexiada situación.

Estas notas fan especial fincapé no aspecto cinematográfico, por ser ésta a principal actividade á que se dedicaron ámbolos dous coliseos.

O "TEATRO-CIRCO"

A fins do século XIX, Lugo vai ser escenario de dous importantes acontecementos: O Congreso Eucarístico e a Exposición Rexional.

A transcendencia que terían para a cidade, que por aquelas datas incrementará notablemente o número de visitantes, e a ausencia de locais axeitados para albergar celebracións semellantes, obrigan ó Concello a intenta-la construción dun novo teatro, pois o existente, inaugurado no 1845, non se atópaba en moi bo estado. Os planos, realizados polo arquitecto D. Luis Bellido, foron expostos ó público na Secretaría do Concello, e acadaron grandes eloxios na prensa da época. Así, "*El Regional*" afirmaba que

"...el nuevo teatro de Lugo será uno de los más artísticos y cómodos de los de provincias y bastante mejor que algunos de los de la Corte..."⁽¹⁾.

Sen embargo, en palabras de Julia Carballo Arceo, "la incapacidad tanto material como resoluitiva del Ayuntamiento..."⁽²⁾ trunca a realización do proxecto de D. Luis Bellido, e terá que se-la iniciativa privada a que aporte a solución.

Así, a fins de 1895, aparece constituída unha sociedade que tiña por obxecto a construción dun **Teatro-Circo**, redactado o Sr. Pozzi o Regulamento Provisional.

(1).- "*El Regional*", 26-II-1895.

(2).- Carballo Arceo, Julia: *Arquitectura teatral en Lugo: del Teatro Municipal al Teatro Circo*. Boletín Académico da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, n.º 9. Outubro 1988, páx. 57.

Esta sociedade encarga o proxecto ó arquitecto Juan Alvarez de Mendoza, que o vai ter rematado a comezos do vindeiro ano.

O día 17 de xaneiro de 1896, os planos do futuro **Teatro-Circo** son expostos no escaparate do comercio do Sr. Paz, ofrecendo a prensa do día seguinte unha pormenorizada descrición do que será o edificio:

"...Constituye la fachada principal del edificio, un cuerpo saliente, de planta baja, en la que tienen amplia y cómoda instalación las oficinas de contaduría, despacho de billetes y guardarropa, con un estenso (sic) vestíbulo o foyer, del que arrancan las escaleras que conducen a los palcos y galerías con completa y absoluta independencia unas de otras. La sala, de forma circular, contiene 226 butacas (de ellas diez de orquesta) con un pasillo central y dos laterales.

Los palcos principales que son veinte (catorce de 6 asientos y 6 de 4) cuentan todos con antepalco, sumando en junto un total de 108 asientos muy holgados. El piso segundo, sostenido por columnas de hierro, tiene una delantera de grada (localidad muy preferente y que sigue en precio e importancia a las butacas) con 100 asientos; y detrás, separadas por un amplio pasillo y baranda de hierro, tres gradas con 300 asientos y a ambos extremos de la galería queda aún el espacio necesario para 80 entradas generales sin asiento, sumando por consiguiente un total general de 800 localidades muy holgadas y dispuestas con la más absoluta y completa independencia.

El escenario mide 8 metros en su embocadura, por 10 de fondo con una altura de 12,30, y en los pisos laterales cuenta con los locales necesarios para cuadras, cuartos de artistas, almacenes, retretes, etc.

El edificio quedará separado de la casa más inmediata, por una zanja de terreno de cerca de tres metros de ancho midiendo su frente, cerrado por una verja de hierro, veintidós metros y treinta y dos de fondo. Las columnas y antepechos de los palcos son de hierro, y de losa de sobradelo la cubierta, importando el presupuesto total la cantidad de 35.418 pesetas o sea siete mil duros casi en números redondos, incluyendo 3.000 pesetas para las pinturas. Agregando a esta cantidad las dos mil que cuesta el solar y otras dos que se presuponen para muebles, decoraciones, etc., y otras mil para gastos imprevistos, resulta un total de 12.000 duros, cantidad insignificante comparada con las comodidades y amplitud del edificio.

Esperamos fundamentalmente que se llegue a reunir esta cantidad; pero aunque así no fuera, el Sr. Alvarez Mendoza se habrá hecho acreedor al agradecimiento de todos por sus trabajos realizados en el corto espacio de quince días, con una perfección completa, con los que tan brillantemente inaugura su cometido en Lugo." (3).

A sociedade de accionistas aporta o capital necesario para a construción do **Teatro-Circo**. As accións tiñan unha cotización inicial de 250 pesetas; pero, nunha xuntanza celebrada o 17 de xaneiro, acordouse reduci-lo valor das mesmas a 100 pesetas (pagadeiras en dous prazos). Comprometéndose naqueles momentos 20.000 pesetas.

Días máis tarde, concretamente o 21 de xaneiro, constituíase a Xunta Administradora da Sociedade do **Teatro-Circo** coas seguintes persoas:

"Presidente: D. Constantino Velarde.

Vicepresidentes: D. Pedro González Maseda y D. Salvador Castro Freire.

Secretarios: D. Augusto Pozzi y D. Manuel Sema.

Tesorero: D. Ramón Olano". (4).

(3).-"El Regional", 18-I-1896.

(4).-"El Regional", 22-I-1896.

Sacadas a poxa as obras para a construción do **Teatro-Circo**, cun presuposto que ascende a 36.418 pesetas e 10 céntimos, foron adxudicadas o 2 de febreiro a D. Antonio Valiña, propietario dun taller de carpintería na rúa da Estación, quen se comprometeu a telas rematadas para o 15 de xunio próximo. As estruturas de ferro foron contratadas coa fábrica de fundición do Sr. Solorzano; mentres que a pintura dos telóns corría a cargo do escenógrafo Sr. D'Almonte y Muriel.

Para construí-lo **Teatro-Circo** escolléronse os terreos situados a carón da Porta da estación, na rúa de Emilio Castelar (hoxe Xeral Franco). Con posterioridade,

"...en vista de las manifestaciones de los señores arquitectos, se acordó ampliar el solar destinado al edificio, adquiriendo la huerta situada en la parte posterior del mismo, propiedad de la Señora de la Barrera, con el objeto de que delante del edificio quede una extensa alameda que favorece grandemente la perspectiva y aspecto exterior del Teatro-Circo, facilitando al propio tiempo sus servicios." (5).

O solar resultante medía 24 metros de ancho e 56 metros de fondo,

"...y como el Teatro solo ocupa 36 en este sentido, queda a su frente un espacioso parque de 20 m., entre la calle y el edificio, con 29 m. de frente, el que será cerrado por una verja de hierro con zócalo de sillería". (6).

Cómpre dicir que este peche aínda se conserva, se ben cando se produza o derribo do **Gran Teatro** con toda seguridade vai desaparecer.

Durante o proceso de construción do **Teatro-Circo** prodúcense algunhas anécdotas curiosas. Así, a comezos do mes de xunio, é roubada toda a ferramenta dos albaneis e, posteriormente, o 15 de xunio, "*El Lucense*" faise eco da malintencionada confusión existente entre a opinión pública sobre as celebracións dos congresos gandeiro e eucarístico, aclarando a posibles despistados que o primeiro tería lugar no **Teatro-Circo** e o segundo na Catedral.

Xa próxima a inauguración do **Teatro-Circo**, a Xunta administradora nomea o persoal necesario para prestar servizo neste coliseo:

"Para taquillero, encargado de expender las localidades, D. Andrés Iglesia; conserje-maquinista, D. Antonio Valiña; porteros: primero, D. Rufino Vellón; segundo, D. José Ferreiro, y tercero, D. Benito Goy; acomodadores, D. José Arquindengui y D. Perfecto Abelairas. Además, quedó facultado el conserje para nombrar seis carpinteros tramoyistas". (7).

A inauguración do **Teatro-Circo** ten lugar o día 8 de agosto, ás oito e media da tarde, cunha función extraordinaria de acordo co seguinte programa:

(5).- "*El Regional*", 1-II-1896.

(6).- "*El Regional*", 16-II-1896.

(7).- "*El Regional*", 25-VII-1896.

"1.ª A telón corrido y por la Banda de Luzón y orquesta del Teatro, se ejecutará la Gran Sinfonía del maestro Barbieri, sobre motivos de sus zarzuelas españolas, concertada y dirigida por el Maestro-Director de la Compañía don Vicente Peydró.

2.ª La preciosa zarzuela en dos actos y en verso de Camprodón y Arrieta, titulada Marina.

.....
3.ª El pasillo cómico-lírico original de D. Narciso Serra, música del maestro Caballero, titulado El loco de la guardilla (sic)..." (8).

Ó remate da función, o público, que non chegou a abarrotalo coliseo, chamou a escena ó arquitecto Sr. Mendoza para tributarlle unha calorosa ovación.

O **Teatro-Circo** era unha orixinal edificación de dous pisos. De planta case rectangular, no seu frontis -que presentaba ó ancho unhas dimensións máis reducidas- situábase un corpo saínte no que se abren, baixo arcos tumidos e de ferradura co correspondente alfiz, fiestras e portas de acceso.

Detrás deste corpo, cinco pilares dividen a fachada en catro tramos verticais -máis estreitos os dos extremos- rasgados na parte superior por fiestras rectangulares, baixo casetóns de igual forma, ornamentados con placas.

Coroaba a cuberta do frontis, unha linterna poligonal.

De estilo neo-árabe, o **Teatro-Circo** constituía unha peculiar construción representativa dunha arquitectura moi en boga a finais do século XIX e comezos do XX.

Sen embargo, non é da mesma opinión Manuel Amor Meilán, quen, no tomo correspondente á provincia de Lugo da "Geografía general del Reino de Galicia", dí:

"Del Teatro-Circo (construído en 1896 merced al esfuerzo de los vecinos de Lugo) poco puede decirse. Pudo ser mucho y quedó todo ello reducido a una construcción de híbrida fachada, en la que se mezclan los arcos mudéjares a los rectos y recuadros modernos. El abandono en que se le tiene por sus actuales propietarios pone más de relieve sus defectos. En su interior es alegre, a maravilla decorado; pero con él, al revés de lo que acontece en otras edificaciones, se sacrifica a la belleza la comodidad, al grato aspecto del conjunto la armónica distribución de todas las partes y componentes. No hablemos más de ello." (9).

Cómpre dicir tamén, que, Salvador Castro Freire na súa obra "Lugo y sus hombres", o falar do ano 1896 nin siquiera menciona ó **Teatro-Circo**, "esquencemento" que se repetirá en case toda a bibliografía sobre Lugo do século XX. Este feito pon de manifesto o escaso interese arquitectónico que se atribuíu ó **Teatro-Circo**, valorado só nos últimos tempos. (10).

Trala súa inauguración, desfilan polo **Teatro-Circo** diversos espectáculos. así, en novembro de 1896, a prensa local anuncia para o día 22 a presentación, no **Teatro-Circo**, dun aparato descoñecido en Lugo: o **estereópticon**,

"...uno de los últimos inventos del inmortal Alba Edison, que será presentado al público por Mr. Girand, quien se encuentra ya entre nosotros". (11).

(8).-"*El Regional*", 8-VIII-1896.

(9).-Amor Meilán, Manuel. *Geografía General del Reino de Galicia*. Lugo. páx. 145-147.

(10).-*Catálogo da exposición Casas e rúas de Lugo: 1850-1920*. Arquivo Histórico Provincial de Lugo. 1991, páx. 47.

(11).-"*El Lucense*", 21-XI-1896.

Por medio deste curioso aparato, o "ilustrado público" terá ocasión de contemplar

"...todo lo que existe de más notable y hermoso en ambos mundos, en tamaño y colores al natural, teniendo algunos pasajes transformaciones y movimientos que admiran, entretienen e ilustran". (12).

O acto formaba parte dunha velada patrocinada polo Gobernador Civil de Lugo, como presidente da Cruz Vermella provincial, destinándose o cincuenta por cento das ganancias ós inútiles e feridos dos exércitos de Cuba e Filipinas.

O programa da velada constaba de tres partes, dúas delas dedicadas ó estereopticon, presentado polo "notable electricista Mr. Walchert", que ofreceu

"...vistas distintas, algunas de ellas de movimiento y con cuatro y más transformaciones diversas". (13).

Este espectáculo resulta un completo fracaso, e na valoración do mesmo coinciden *"El Lucense"* e *El Regional*", que se limitan a dicir (en lacónica reseña) que a función non respondera ó que dela se agardaba.

O catro de abril de 1897 ten lugar a segunda subasta do **Teatro-Circo**; pois a primeira, celebrada o 27 de marzo, foi declarada deserta por falta de licitadores. A poxa chega ata as 45.000 pesetas, e nesta cantidade adxudicouse ós señores Sobrino e Compañía, representantes do Sr. Franco López, veciño de Madrid pero natural da Pobra de San Xulián.

O primeiro de maio, ten lugar a estrea dunha singular exposición de "Cuadros disolventes". A sesión inaugural é gratuita, pero con invitación,

"...a fin de que pueda juzgar el público que acostumbra a sistir al teatro, de la bondad de los cuadros en cuestión". (14).

Sen embargo, descoñecemos-lo impacto que tivo este espectáculo entre os lucenses, pois os xornais locais non lle adicaron ningún comentario trala súa estrea.

O TEATRO-CIRCO E O CINEMATÓGRAFO

Pouco tempo despois de que os irmáns Lumière desen a coñece-lo seu invento en París, o CINEMATÓGRAFO chega ás principais cidades de Galicia da man de exhibidores portugueses.

A Coruña foi a primeira poboación galega na que se presentou, acontecemento que tivo lugar o 4 de setembro de 1896. Posteriormente, Pontevedra, Vigo, Tui e Ferrol son testemuñas (no 1897) de novas proxeccións deste incipiente medio de expresión, que a cidade de Ourense non coñeceu ata un ano despois e Santiago ata o 1900. Polo que a Lugo respecta, a primeira proxección cinematográfica ten lugar o 7 de xullo de 1897 no **Teatro-Circo**.

Aquel día, tres xornais lucenses (*"El Lucense"*, *"El Eco de Galicia"* e *"El Regional"*) publican reseñas de redacción moi semellantes sobre o evento; tratándose, na nosa opinión, de adaptacións de un comunicado facilitado polos propios exhibidores.

(12).- *"El Lucense"*, 21-XI-1896.

(13).- *"El Lucense"*, 21-XI-1896.

(14).- *"El Lucense"*, 29-IV-1897.

O espectáculo constaba de dúas sesións (ás nove da noite a primeira e ás dez a segunda) con idéntico programa:

- 1.^a) Jardinero sorprendido
- 2.^a) Baile infantil
- 3.^a) Carnaval en Niza (1897)
- 4.^a) Dragones en el Saône
- 5.^a) Banquete de gatos
- 6.^a) Llegada de un tren
- 7.^a) Batalla de nieve
- 8.^a) Infantería en el Vivae
- 9.^a) Diputación asiática en la coronación de Czar de Rusia
- 10.^a) Desfile de lanceros". (15).

Os prezos das localidades foron superiores ós que rexeran para os "Cuadros disolventes", e notablemente inferiores ós da presentación do Estereopticón. Así, os palcos de seis asentos custaban oito pesetas; de catro, seis; de tres, catro; de loito, catro; butacas e sillas de principal valían unha peseta; dianteiras de galería e anfiteatro, 0,75 pesetas; mentres que a entrada de xeral custaba 0,50 pesetas.

Os comentarios da prensa local trala inauguración do cinematógrafo son, para nós, indicativos da ausencia de xornalistas na presentación deste novo invento. Dicimos esto, porque os tres xornais locais xa mencionados reproducen, agás pequenas diferencias, idénticas reseñas que, na nosa opinión, foron facilitadas polos exhibidores. A máis extensa, foi a do "*Eco de Galicia*" que reproducimos a continuación:

"Las primeras exhibiciones del cinematógrafo Lumière llevaron anoche bastante gente al Teatro-Circo.

El espectáculo es curiosísimo y fue muy del agrado del público, que aplaudió con entusiasmo, haciendo repetir tres de las vistas. (16).

Desde la titulada "Jardinero Sorprendido" hasta la última de la serie exhibida ayer, que representa el desfile de un regimiento de lanceros, todas resultaron sorprendentes, admirándose con singular complacencia la llegada de un tren, el paso de dragones por el río Eo y la batalla de nieve.

Las figuras aparecen con claridad, obteniéndose gran precisión en los movimientos.

El espectáculo gustó mucho, y esta es la mejor recomendación para que nadie en Lugo deje de admirar invento tan maravilloso..." (17).

"*El Eco de Galicia*" é o único xornal que continúa ocupándose do cinematógrafo durante a súa permanencia en Lugo, reproducindo a cotío os programas que configuraban ás sesións, compostas todas elas por dez películas de curta duración. O día oito, segundo este xornal, proxectáronse:

(15).- "*El Lucense*", 7-VII-1897.

(16).- "*El Lucense*" do día 9 di que houbo que "repetir tres veces las vistas".

(17).- "*Eco de Galicia*", 8-VII-1897.

- 1.^a) Riña de niños
- 2.^a) Viajero robado
- 3.^a) Bañistas en Lisboa
- 4.^a) Puente sobre el Estler
- 5.^a) Juego de baraja
- 6.^a) Faena de campo
- 7.^a) Duelo a muerte
- 8.^a) Verbena
- 9.^a) Amor interrumpido
- 10.^a) Coraceros franceses". (18).

O programa do día 9 estaba formado polos seguintes títulos:

- 1.^a) Burros de Alger
- 2.^a) Campos Elíseos en París
- 3.^a) Dragones (Pié a tierra)
- 4.^a) Jugadores regados
- 5.^a) Mar revuelto
- 6.^a) Dignatarios en Budapesh.
- 7.^a) Palomas en la plaza de San Marcos (Venecia)
- 8.^a) Caza de un caballo salvaje (México)
- 9.^a) Riña de gallos ingleses
- 10.^a) Artillería española". (19).

O 10 de xullo, o cinematógrafo anuncia a súa despedida do público lucense.

"... con los siguientes cuadros:

- 1.^a Serpiente
- 2.^a Asalto a una trinchera
- 3.^a Tigres en el jardín zoológico de Londres
- 4.^a Coches automóviles
- 5.^a Ir por lana y salir trasquilado
- 6.^a Una caída del Niágara
- 7.^a Carreras en sacos
- 8.^a Cirridas de toros (primer cuadro)
- 9.^a Idem (segundo cuadro)
- 10.^a Desfile de un regimiento de ingenieros en Madrid". (20).

Sen embargo, a despedida retrasouse un día máis, e houbo tamén proxeccións o día 11, domingo, pero descoñecemos-lo programa das sesións que, sen embargo,

"...agradó notablemente al público lucense, que invadió por completo las localidades de nuestro coliseo". (21).

(18).-"*Eco de Galicia*", 8-VII-1897.

(19).-"*Eco de Galicia*", 9-VII-1897. .

(20).-"*Eco de Galicia*", 10-VII-1897.

(21).-"*Eco de Galicia*", 13-VII-1897.

A comezos de 1899, concretamente o 10 de xaneiro, asínase o contrato de arrendamento do **Teatro-Circo**. O novo encargado do mesmo, José R. Varela Portas, esixe do propietario unha serie de reformas no edificio (calefacción, xardín na explanada exterior, decoración do vestíbulo, etc.) para embelece-lo teatro e mellora-la comodidade dos espectadores.

En maio, e procedente de Mondoñedo, chega a Lugo un cinematógrafo. Por este tempo as obras de mellora e acondicionamento do **Teatro-Circo** xa están rematadas, pero aínda non foran inauguradas. Pola importancia das mesmas, un xornal local di que este coliseo vai ser "reestrenado", o que acontece na noite do dez de maio, coincidindo coa presentación do devandito cinematógrafo.

Este tiña previsto realizar unha soa función por noite, formando tamén parte do espectáculo varias audicións de micro-fonógrafo. O éxito, en opinión da prensa, estaba asegurado, pois

"Los muchos aficionados que este espectáculo tiene en Lugo, lo perfeccionado del cinematógrafo, la abundancia de las vistas que exhibe y la baratura de los precios, todo ha de contribuir a que el público concurra al teatro..." (22).

Só tres funcións o cinematógrafo durante a súa estancia en Lugo. Os prezos que rexeron para cada unha das funcións foron: -Palcos con 6 entradas: 6 pesetas; palcos con 4 entradas: 4 pesetas; palcos con tres entradas: 3 pesetas; butaca con entrada: 1 peseta; silla de principal e entrada: 1 pesetas; entrada de xeral: 50 céntimos.

Estas proxeccións, sen embargo, rexistraron "una regular" asistencia de público.

O dezaseis de xuño, "*El Lucense*" informa que a Corporación Municipal na sesión do día anterior

"...acordó pasase a estudio de la Comisión de Hacienda una proposición firmada por tres señores cpncejales pidiendo se adquiriera por el Ayuntamiento el "Teatro-Circo", en vista de su poco coste, para dedicarlo a escuela de música y declamación".

A pesar das reformas realizadas no **Teatro-Circo** a ano anterior, en febreiro do 1900 o Gobernador Civil de Lugo prohibe toda clase de espectáculos neste coliseo mentres non se fagan as obras necesarias para deixalo nas condicións esixidas pola lexislación vixente. Por esta razón, o **Teatro-Circo** pecha as súas portas e, a mediados do mes de agosto, D. José R. Varela Portas rescinde o contrato de arrendamento cos Sres. Fernández e Vila, que adquiriran o edificio ó Sr. Franco.

A principios do mes de xuño de 1906, chega a Lugo, para actuar no **Teatro-Circo**, a "**Tourné mecánica-científica**" dirixida por Mr. Galvoni. Esta "Tourné..." estaba facendo

"...un triunfal recorrido por estas provincias, probando una vez más la notoria fama que de naciones extranjeras viene precedido, y en la que figuran el notabilísimo profesor Mr. Onofroff (hijo) y la distinguida Srta. Mariscal, sonámbula sin rival y justamente reconocida, que en sus admirables experimentos científicos han cautivado la admiración de todos los públicos" (23).

(22).- "*El Regional*", 9-V-1899.

(23).- "*El Regional*", 23-IX-1907.

Formaba tamén parte deste espectáculo de hipnotismo e sonambulismo o "Gran Cinematógrafo Gaumont", dirixido polo electricista Mr. Lefranc, que presenta ó público lucense diversas películas (sobre todo documentais) entre as que cómpre destacar "Boda de S. M. el Rey", "Entrada de los príncipes extranjeros en Palacio", "Viaje de S. M. a Barcelona" e a escena cómica "Músico y pintor".

Dúas funcións, que nós saibamos, celebra esta "Tourné..." en Lugo, rexendo para elas os seguintes prezos: Palcos de seis asentos, sen entrada, 7 pesetas; de catro, sen entrada, 5 pesetas; de tres, sen entrada, 4 pesetas. As butacas, con entrada, custaban 1,25 pesetas; sillas, 1 peseta e as "delanteras", 0,75 pesetas. As entradas máis baratas eran as de anfiteatro e xeral, a 0,50 pesetas.

No 1907 do único cinematógrafo que temos constancia nestas datas é do presentado o día 27 de setembro no **Teatro-Circo**. Trátase do "**Gran Cinematógrafo Cantante**", último invento de Edison (segundo se anunciaba) que consistía nunha combinación de fonógrafo e cinematógrafo.

Por medio deste aparato, propiedade do Sr. Guerrero e que resultou moi do agrado do público,

"Las figuras ya ni sólo se mueven, sino que cantan y hablan, llegando la ilusión del espectador a su grado máximo". (24).

O horario das sesións era ás 8 a 10 da noite. O importe das celebradas o día 11 de outubro, foi íntegramente destinado ó socorro dos damnificados nos temporais ocorridos en Málaga, xesto polo que o Sr. Guerrero recibiu a felicitación de "*El Regional*".

A considerable afluencia de público que rexistraba o **Salón de Proyecciones do Círculo de las Artes**, inaugurado a finais de xaneiro de 1908, fixo saís ó **Teatro-Circo** do marasmo no que se atopaba dende finais de 1907. Así, en abril é arrendando por un ano para funcións de cinematógrafo e variedades, comenzando estas o día 9 de xuño coa actuación do ventrílocuo Sr. Llovet e a exhibición de diversas películas.

Coincidindo con esta nova etapa de actividade do **Teatro-Circo**, o **Círculo de las Artes** suspende temporalmente os seus espectáculos, que reanudará a finais de ano.

Arrendado pola empresa **Cine Moderno**, o seis de novembro de 1909, abre novamente as súas portas o **Teatro-Circo** de Lugo con sesións de "varietés" e proxeccións de películas da casa "Pathè Frères" de París.

Os prezos eran moi económicos, pois a entrada de xeral custaba 15 céntimos para as seccións sinxelas e 25 para as dobres.

Trala partida da empresa **Cine Moderno**, o cinco de xaneiro fai o seu debut no **Teatro-Circo** a compañía de variedades do Sr. Perellano, espectáculo no que tamén figuran "intermedios de cine". Esta compañía, que segundo a prensa da época obtivo un rotundo éxito, actúa días máis tarde no **Círculo da las Artes**.

En abril de 1915, o **Teatro-Circo** presenta ós lucenses "**El arca de Noé**", espectáculo circense do que tamén forma parte un cinematógrafo.

A actuación deste circo estaba prevista para o **Lugo-Salón**, pero por razóns que descoñecemos tivo lugar no coliseo da rúa Castelar.

(24).- "*El Regional*", 23-IX-1907.

Nos catro días de estancia en Lugo, "El arca de Noé" ofrece ó público "El sol de media noche" e "In hoc signo vincas" entre outras películas.

Durante 1917 hai unha alternancia entre o **Lugo-Salón** e o **Teatro-Circo** nas proxeccións cinematográficas, se ben os dous locais seguen compaxinando a exhibición de películas con espectáculos de variedades. As actividades do primeiro ocupan os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, xullo e algúns días -durante as festa do San Froilán- de outubro; período no que ofrece títulos como "Odette", de 2.500 metros; "El Ferrocarril de la muerte" e "Poder soberano", interpretada por Hesperia, da casa "César Film".

O resto dos meses é o **Teatro-Circo** quen se fai cargo da exhibición de películas, entre as que destacan "La gran venganza", "El gran secreto", "Los misterios de Myra" e "Los Vampiros".

Os prezos das localidades en ámbolos dous cines son moi semellantes. Para o **Teatro-Circo**, por exemplo, rexían:

Palcos de 6 asentos: 3,25 pesetas.

Palcos de 4 asentos: 2,50 pesetas.

Palcos de 3 asentos: 2 pesetas.

Diván: 0,50 pesetas.

Silla principal: 0,30 pesetas.

Dianteira: 0,25 pesetas.

Entrada de palco: 0,25 pesetas.

Xeral: 0,15 pesetas.

Mentres que para o salón da rúa do Bispo Aguirre eran:

Preferencia: 0,40 pesetas.

Anfiteatro: 0,30 pesetas.

Xeral: 0,15 pesetas.

Ó pouco de comenazar 1918, o prezo das localidades do **Teatro-Circo** experimenta unha notable suba, pasando o palco de seis asentos a custar 6 pesetas e a entrada de xeral 0,25 pesetas. A pesar deste incremento, o cine resulta aínda máis barato ca outros espectáculos; sobre todo se o comparamos coa zarzuela, para a que un palco de seis asentos valía 22 pesetas.

Cinematógrafo (fundamentalmente con películas por episodios) e espectáculos de variedades, constitúen a base da programación que ofrece o **Teatro-Circo** ó longo do ano, agás nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Os títulos máis representativos desta temporada son : "Judex", "Los misterios de Nueva York"; "El globo de fuego o más allá de la muerte", de 3.000 metros e "Fieras en La Coruña", da "Casa Pathé".

A excepción dalgúns meses, durante 1919 o **Teatro-Circo** segue ofrecendo ó público lucense (pero cada vez con menos frecuencia) espectáculos de variedades compaxinados coa exhibición de películas, entre as que cómpre destacar "El coche número 13".

A principios de novembro, o Gobernador Civil de Lugo Sr. Garrido, suspende as funcións de cine no **Círculo de las Artes**. Algún tempo antes, o Sr. Garrido enviara varias notas á Xunta Directiva desta sociedade prohibindo a venda de máis de 500 localidades por

función, a asistencia de nenos sen iren acompañados de persoas maiores, etc. Como estes requerimentos non foron atendidos, o Gobernador optou polo peche do local.

Sen embargo, o momento escollido é do máis inoportuno, pois entre o **Círculo de las Artes** e o **Teatro-Circo** está establecido un preito (do que descoñecemos os motivos), e a actuación do Sr. Garrido interprétase pola prensa como un xesto para favorecer a sentenza a prol do **Teatro-Circo**.

En 1920, o **Teatro-Circo** segue compaxinando cine con espectáculos de variedades, se ben a súa irregular programación abrangue soamente uns meses.

Tamén neste coliseo, os seriais cinematográficos (como "Houdin o el hombre de Hierro", de 15 episodios) constitúen a base das proxeccións.

O dezasete de xuño de 1921, "*El Regional*" informa que a programación do **Teatro-Circo** pasa a depender da Empresa Fraga. Pouco tempo despois, o dzaioito de novembro, este coliseo troca o seu vello nome polo **TEATRO PRINCIPAL**, inaugurando a temporada coa presentación do

"Grandioso estreno de la emocionante producción cinematográfica

EL DELITO DE UN PADRE

Selecto debut de la genial y aplaudida estrella de variedades

LA NENÉ

Gran moralidad e interés. Selecto y original repertorio. Decorado propio. Lujoso vestuario". (25).

Nesta data, o primitivo **Teatro-Circo**, agora xa **Teatro Principal**, principia unha nova andaina que finalizará dentro duns anos para dar paso ó **Gran Teatro**. Pero eso verémo-lo no próximo artigo.

(25).- "*El Progreso*" 19-XI-1921.




Foto 1: Vista exterior do Teatro-Circo. (Reprod. F. Arribas)




Foto2: Vista exterior do Teatro-Circo (Reprod. F. Arribas)




Foto 3: Interior do Teatro-Circo. (Reprod. F. Arribas)